



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2020

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xullo 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia unha caída do 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 1,8 puntos superior á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 13,7%, taxa 4,3 puntos superior á do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 8,7% e nos Outros servizos o 2,8%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de xullo agás en Murcia.
- O persoal ocupado no sector servizos rexistra un descenso do 4,9% en Galicia e do 6,1% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de xullo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un descenso do 7,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 1,8 puntos á do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 13,7%, rexistro 4,3 puntos superior ao do mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 8,7%, resta 6,5 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 2,8% e restan 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 7,6% e nos *Outros servizos* o 24,4%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 13,2%, co que resta 7,1 puntos; en senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta a súa facturación un 21,2%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 10,5% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 2,4%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 2,8%. As maiores caídas rexístranse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -41,3%, co que restan 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, -35,4%, co que resta 1,8 puntos. En senso contrario, o *Transporte* rexistra o maior incremento, 23,5%, e achega 2,2 puntos á taxa de variación do índice xeral. *Información e comunicacións* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* tamén incrementan a súa facturación en xullo, 2,5% e 8,9% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 24,4%. Todos os sectores rexistran taxas negativas, producíndose as maiores caídas en *Hostalería* (-47,0%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-38,6%).

Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 15,4% en Galicia e un 17,7% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 16,6% en Galicia e un 14,6% en España. Nos *Outros servizos* redúcese a facturación en Galicia un 11,4% e en España un 23,4%.

Hostalería e Actividades administrativas e servizos auxiliares son os sectores con maiores caídas no que vai de ano tanto en Galicia como no conxunto de España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 9,1% no mes de xullo.

O sector que máis contribúe a este descenso é a *Hostalería* que, cunha taxa do -35,3%, resta 9,1 puntos.

Tres sectores rexistran taxas positivas: *Transporte* (14,5%), *Información e comunicacións* (4,1%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (10,8%).


No acumulado do ano, o índice diminúe un 18,3%. A maior caída dáse na *Hostalería* (-49,8%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 8,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 10,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xullo en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Murcia (1,1%). Catro comunidades rexistran taxas inferiores á media nacional: Illes Balears (-40,6%), Canarias (-29,3%), Madrid (-17,1%) e Cataluña (-14,5%).

No que vai de ano, as maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-38,1%), Canarias (-28,8%), Madrid (-20,3%) e Cataluña (-18,1%). Os menores descensos rexístranse en Murcia (-3,9%) e Extremadura (-7,1%).

Índices de cifra de negocios. Xullo 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 4,9% respecto ao mes de xullo de 2019, 1,2 puntos menos que en España (-6,1%).

A ocupación diminúe un 1,6% no *Comercio* e un 7,3% nos *Outros servizos*. En España o persoal ocupado diminúe no *Comercio* un 2,9% e nos *Outros servizos* un 8,0%. A maior caída rexístrase na *Hostalería*, cunha taxa de -14,8% en Galicia e do 15,9% en España.

No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 3,4% en Galicia e un 3,7% no conxunto do Estado.

¹ Hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.




2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de xullo con respecto ao mesmo mes do ano 2019. O maior descenso dáse en Illes Balears (-19,3%). A comunidade onde menos cae a ocupación é Murcia (-2,5%)

No que vai de ano, o maior descenso dáse en Illes Balears (-12,6%) mentres que Murcia é a comunidade con menor perda de emprego (-1,4%).

Índices de persoal ocupado. Xullo 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	127,6	-7,2	-15,4
Comercio	126,4	-8,7	-16,6
Venta e reparación de vehículos de motor	125,6	21,2	-23,5
Comercio por xunto	130,0	-13,2	-19,5
Comercio ao retalho	118,2	-1,1	-6,2
Outros servizos	130,8	-2,8	-11,4
Transporte	159,4	23,5	5,4
Hostalería	96,6	-35,4	-49,8
Información e comunicacións	113,1	2,5	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	133,4	8,9	-4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	102,8	-41,3	-32,4
España			
Xeral	114,3	-13,7	-17,7
Comercio	120,1	-7,6	-14,6
Venta e reparación de vehículos de motor	143,7	2,4	-27,3
Comercio por xunto	118,7	-10,5	-14,1
Comercio ao retalho	114,7	-5,2	-10,7
Outros servizos	103,7	-24,4	-23,4
Transporte	102,7	-23,1	-20,4
Hostalería	79,4	-47,0	-52,3
Información e comunicacións	106,1	-8,3	-9,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	133,3	-9,2	-14,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	89,7	-38,6	-29,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	124,5	-9,1	-18,3
Comercio	126,2	-4,1	-15,2
Transporte	164,9	14,5	0,7
Hostalería	98,9	-35,3	-49,8
Información e comunicacións	114,9	4,1	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	134,4	10,8	-2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,0	-20,7	-16,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	114,3	-13,7	-17,7
Andalucía	110,1	-12,1	-15,2
Aragón	120,0	-6,9	-14,2
Asturias	120,1	-5,7	-14,7
Balears, Illes	101,8	-40,6	-38,1
Canarias	89,9	-29,3	-28,8
Cantabria	139,5	-2,2	-14,8
Castilla y León	114,1	-3,2	-13,8
Castilla-La Mancha	127,0	-4,8	-14,1
Cataluña	114,1	-14,5	-18,1
Comunitat Valenciana	119,7	-10,7	-13,9
Extremadura	129,0	-0,7	-7,1
GALICIA	127,6	-7,2	-15,4
Madrid	111,2	-17,1	-20,3
Murcia	129,1	1,1	-3,9
Navarra	123,1	-4,0	-12,4
País Vasco	117,7	-9,4	-15,2
Rioja, La	132,8	-4,5	-13,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,8	-4,9	-3,4
Comercio	108,1	-1,6	-0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	97,4	-3,1	-2,7
Comercio por xunto	119,8	-0,3	0,3
Comercio ao retallo	103,7	-2,1	-0,8
Outros servizos	102,1	-7,3	-5,5
Transporte	100,7	-5,4	-4,4
Hostalería	95,2	-14,8	-11,5
Información e comunicacións	108,9	0,5	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,8	-0,9	-0,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,4	-7,0	-4,7
España			
Xeral	104,0	-6,1	-3,7
Comercio	104,3	-2,9	-1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	104,2	-3,8	-2,3
Comercio por xunto	106,6	-1,8	-0,8
Comercio ao retallo	102,9	-3,6	-1,8
Outros servizos	103,8	-8,0	-5,1
Transporte	106,0	-4,2	-2,7
Hostalería	97,2	-15,9	-10,8
Información e comunicacións	109,3	-1,0	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,1	-2,1	-1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,8	-8,7	-5,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,0	-6,1	-3,7
Andalucía	100,7	-6,4	-4,2
Aragón	107,2	-4,8	-3,1
Asturias	102,6	-4,1	-3,1
Balears, Illes	111,2	-19,3	-12,6
Canarias	100,5	-9,1	-5,4
Cantabria	106,1	-6,2	-4,6
Castilla y León	101,4	-5,5	-3,7
Castilla-La Mancha	104,8	-4,8	-2,8
Cataluña	106,2	-6,3	-3,7
Comunitat Valenciana	102,9	-5,8	-2,8
Extremadura	104,8	-4,5	-3,5
GALICIA	104,8	-4,9	-3,4
Madrid	104,1	-4,7	-2,9
Murcia	111,5	-2,5	-1,4
Navarra	103,0	-7,5	-4,3
País Vasco	101,7	-4,4	-2,9
Rioja, La	103,8	-5,4	-3,1

Fonte: INE